

RESOLUCIÓN PRESIDENCIAL

EXPEDIENTE	2023070378
ASUNTO	Aprobando o expediente de contratación mediante procedemento aberto simplificado abreviado do Servizo de auditorias externas dos sistemas de calidade da oficina de Turismo Rias Baixas e puntos de información turística da rede de inforiasbaixas certificados, seguindo a norma UNE-ISO14785:2015-Oficinas de turismo, para a UNE 302002:2018-Museos, no Castelo de Soutomaior, e para a certificación de obxectivos de desenvolvemento sostibles (ODS) na oficina de Turismo Rias Baixas e Castelo de Soutomaior.
TRÁMITE	Aprobación do expediente

PMC/jsb

A deputada delegada da área de Infraestruturas Públicas, Mobilidade e Contratación, en virtude das facultades que ten atribuídas, dita a seguinte RESOLUCIÓN:

As actividades do servizo de Turismo Rías Baixas baseanse na cooperación no fomento do desenvolvemento económico do territorio provincial tal e como sinala o art. 36.1.d da Lei de Bases de Réxime local, configurándose a Calidade como unha ferramenta fundamental para a mellora da competitividade das actividades turísticas da provincia de Pontevedra.

O Instituto de Calidade Turística de España (ICTE) é unha organización creada co fin de difundir os sistemas de aseguramento da Calidade no sector turístico. Xestiona en exclusiva a Marca Q CALIDADE TURÍSTICA e a S de SOSTIBILIDADE TURÍSTICA.

A Marca Q de Calidade Turística é unha marca española de recoñecido prestixio, diferenciación e fiabilidade, dirixida aos servizos turísticos que trala evidencia do cumprimento de requisitos técnicos que a súa norma dita, implántase un sistema de xestión orientado ao servizo do cliente e á mellora continua.

O ICTE é unha entidade certificadora do Sistema de Calidade da marca Q deseñado para empresas do sector turístico. No Regulamento Xeral para a Certificación de Servizos Turísticos (MCE-REG01-CER-07) establécese o regulamento xeral para a certificación de servizos turísticos que o ICTE aplica para a concesión, mantemento e extinción do uso da Marca Q CALIDADE TURÍSTICA, seguindo o Procedemento Xeral de Auditoría (MAA-PRO-43-AUD-10), e o Procedemento de Auditoría por sistema Multisite (MAA-PRO-37-AUD-08).

Os servizos turísticos que ostentan a Marca son obxecto de avaliación e control anual, de acordo á conformidade coa norma, especificacións e/ou instrucións técnicas correspondentes. O alcance da certificación constará no Certificado de Conformidade, que o ICTE outorga xunto coa licenza de uso da Marca.



Entre os diferentes subsectores turísticos que o ICTE certifica, están as normas de referencia UNEISO 14785:2015 destinada a Oficinas de turismo, e a UNE 302002: 2018 destinada a Museos e coleccións musealizadas.

As entidades auditoras do Sistema de Calidade do ICTE deben estar recoñecidas por este, e os contactos das empresas recoñecidas polo ICTE están recollidos no FOR-68-AUD-08 ed.2 Rev. 3, e no Anexo 1 Rev.0 indícase o comportamento do Auditor (MAA-PRO-43-AUD-08) do ICTE.

Trala auditoría externa dos servizos turísticos, e á vista dos datos e informes recompilados polo ICTE, elevarase ó Comité de Certificación Sectorial que adoitarán a obtención e continuidade ou denegación da Certificación.

O ICTE lidera tamén a Marca S que supón un elemento diferenciador, para o cumprimento de Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS).

Co fin de contribuir coa mellora do entorno sociocultural e medioambiental do destino Rías Baixas, dende o Servizo de Turismo considérase oportuna a certificación da Oficina de Turismo Rías Baixas (sede central da Rede INFO RIASBAIXAS) e o Castelo de Soutomaior.

Os traballos a realizar, obxecto da presente contratación, son necesarios para acadar e obter a continuidade no Sistema de Calidade Turística da Marca Q de Calidade Turística, outorgada polo ICTED e lograr a nova certificación S (ODS), ofrecida por esta mesma entidade.

Ditos traballos de Auditoría Externa só poden ser realizados por empresas homologadas e/ou recoñecidas polo Instituto de Calidade Turística Española, recollidos no FOR-68-AUD-09 ed.2 Rev.3 e no Anexo 1 Rev.0, onde se indica o comportamento do Auditor (MAA-PRO-43-AUD-08) do ICTE.

Polo tanto, dadas as especiais características dos traballos a levar a cabo no presente contrato, e dado que o servizo de Turismo Rías Baixas non dispón dos medios materiais e humanos, descritos nos pregos ao tratarse de traballos que requiren de persoal moi especializado, homologado e con experiencia na súa realización, o que implica un perfil profesional do que non se dispón suficientemente en estrutura, nin cualitativamente nin cuantitativamente. Por tanto, e atendendo a razóns de eficiencia técnica e organizativa, resulta necesario a súa contratación cunha empresa externa especializada.

En base ao exposto, a xefa do servizo de Turismo mediante providencia de inicio de data informa da necesidade de tramitación da contratación do "Servizo de Auditorías externas dos Sistema de Calidade da Oficina de Turismo Rías Baixas e puntos de información turística da Rede INFO RIASBAIXAS certificados, seguindo a norma UNE – ISO 14785:2015– Oficinas de Turismo, para a UNE 302002:2018 – Museos, no Castelo de Soutomaior, e para a Certificación de Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) na Oficina de Turismo Rías Baixas e Castelo de Soutomaior. Xunto coa proposta, o servizo achega o prego de prescricións técnicas.

O contrato será financiado con cargo ás aplicacións que serán, no seu caso, a 24/433.4320.227.06 (6.450,50 €-Turismo), 24/433.3360.227.06 (1.138,32 €-Castelo Soutomaior), 25/433.4320.227.06 (6.829,95 €-Turismo), 25/433.3360.227.06 (1.897,21 €-Castelo Soutomaior), 26/433.4320.227.06 (7.778,55€-Turismo) e 26/433.3360.227.06 (1.517,76 €-Castelo Soutomaior),



dos orzamentos de 2024, 2025 e 2026. Non obstante, dado que se trata dunha tramitación anticipada, a adxudicación do contrato quedará condicionada a aprobación dos respectivos orzamento á existencia de crédito adecuado e suficiente para financiar as obrigas derivadas deste contrato..

O servizo de Contratación elabora un proxecto de memoria xustificativa para a pretendida contratación, aprobando a memoria xustificativa definitiva con data 19/12/2023 (csv FLO6YK195T1T034) na que informa que o réxime xurídico aplicable é o propio dun contrato administrativo de servizos. O procedemento a aplicar é o procedemento aberto simplificado abreviado, sendo este o procedemento ordinario, segundo o artigo 131.2 LCSP.

Visto que o servizo de Contratación elabora o borrador do prego de cláusulas económico administrativas particulares e, con data 30/11/2023 solicita o preceptivo informe ao Secretario xeral da Deputación de Pontevedra.

Tendo en conta que, con data 11/12/2023, a Secretaría Xeral informa favorablemente o expediente.

Visto que con data 12/12/2023, o servizo de Contratación solicita o preceptivo informe de fiscalización á Intervención, nos termos previstos na Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria.

Tendo en conta que a Intervención con data 22/12/2023 informa favorablemente o expediente, csv KG28UUU2EDV7OU93.

Tendo en conta o artigo 17 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo o cal califícanse como contratos de servizo os contratos que teñen por obxecto prestacións de facer consistentes no desenvolvemento dunha actividade ou dirixidas á obtención dun resultado distinto dunha obra ou subministración.

Tendo en conta os artigos 116 e 117 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establecen que a celebración de contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade y que deberá ser publicado no perfil do contratante. Completado o expediente de contratación, ditarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto.

Tendo en conta o artigo 122.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establece que os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente coa mesma, e sempre antes da licitación do contrato, ou, de non existir esta, antes da súa adxudicación.

Á vista do exposto, tendo en conta a disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; da base de execución do orzamento 16ª.1b), e da Resolución Presidencial número 2023006130, de 2 de agosto do 2023, de delegación de atribucións da Presidencia nos centros e áreas de servizos,



concretada mediante Resolución Presidencial número 2023006250, de 8 de agosto do 2023,
RESOLVO:

1. Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento aberto simplificado abreviado, da contratación do "Servizo de auditorías externas dos sistemas de calidade da oficina de Turismo Rias Baixas e puntos de información turística da rede de inforiasbaixas certificados, seguindo a norma UNE-ISO14785:2015-Oficinas de turismo, para a UNE 302002:2018-Museos, no Castelo de Soutomaior, e para a certificación de obxectivos de desenvolvemento sostibles (ODS) na oficina de Turismo Rias Baixas e Castelo de Soutomaior", pola cantidade máxima de 25.612,29 euros (21 % IVE engadido), conforme ao seguinte detalle:

Importe sen IVE	IVE (21%)	Importe total (co IVE)
21.167,18 €	4.445,11 €	25.612,29 €

O prazo de duración do contrato é de tres anos a contar dende a firma de aceptación polo contratista da resolución de adxudicación. En todo caso o contrato rematará o 31/12/2026.

2. Aprobar os pregos de cláusulas económico-administrativas particulares (CSV: FYUROW76AT99B290) e de prescricións técnicas (CSV: JBLLWV4K8IAN4DI5) que rexerán na devandita contratación.

3. Autorizar a tramitación anticipada do gasto por importe total de 25.612,29€ (IVE engadido), que se financiará de acordo co seguinte detalle:

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe total (co IVE)
2024	24/433.4320.227.06	6.450,50€
	24/433.3360.227.06	1.138,32€
2025	25/433.4320.227.06	6.829,95€
	25/433.3360.227.06	1.897,21€
2026	25/433.4320.227.06	7.778,55€
	25/433.3360.227.06	1.517,76€

Os importes correspondentes ás anualidades 2024, 2025 e 2026, quedarán condicionadas á aprobación dos respectivos orzamentos e a existencia de crédito axeitado e suficiente nos mesmos.

4. Nomear responsable do contrato a xefa do servizo de Turismo Rias Baixas.

5.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación, concedendo un prazo para a presentación de proposicións, que rematará ás 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de **10 días hábiles**, contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación do contrato no perfil do contratante.





Contra esta Resolución que pon fin á vía administrativa poderá interpoñer recurso potestativo de reposición ante o órgano que o ditou, no prazo dun mes, a partir do día seguinte ao desta notificación (artigos 112 e 124 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ou ben, directamente recurso contencioso- administrativo ante o Xulgado do Contencioso- Administrativo de Pontevedra, no prazo establecido no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Todo iso sen prexuízo do cal poida utilizar calquera outro recurso que considere conveniente.

Documento asinado electronicamente

